

PROXECTO LECTOR-CEIP DE FRIONS

ÍNDICE:

1.- XUSTIFICACIÓN.

2.- MARCO LEGAL.

3.- REALIDADE E NECESIDADES.

4.- OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ACADAR.

5.- ORGANIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN LECTOR: CENTRO, AULA, FAMILIAS, ALUMNADO, EQUIPO DIRECTIVO E CONSELLO ESCOLAR, EQUIPO DE NOVAS TECNOLOXÍAS, EQUIPO DE BIBLIOTECA.

6.- TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES POR CICLOS.

7.- TIPOLOXÍA DE TEXTOS.

8.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS:

- ANTES, DURANTE E DESPOIS DA LECTURA.

- ASPECTOS A TER EN CONTA.

9.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

10.- UNHA CUESTIÓN DE EQUIPO.

XUSTIFICACIÓN

Parece que na nosa sociedade, na que dominan as présas, os recursos audiovisuais, o valor da cultura hedonista fronte ao valor do traballo..., a **lectura** é vista coma algo **indispensable**. Sen embargo, non parecen indicar o mesmo os índices de audiencia televisiva, determinada prensa, e toda unha serie de xogos, música , vídeos..., que consomen os nosos escolares. Así pois, xorde unha das grandes contradicións entre a realidade social (a lectura é algo fundamental) e a realidade escolar (a lectura é percibida coma un traballo máis).

Esta dualidade de principios cómpre tela presente no desenvolvemento dun proxecto lector para saber integralas; quizais nese desenvolvemento unha predomine sobre a outra, mais, en todo caso, toda a Comunidade Escolar do CEIP de Frions debe estar concenciada da necesidade de que o noso alumnado lea en función de tres grandes eixos:

- Por pracer: no material da biblioteca han de atopar, segundo os intereses e necesidades de cada quen, emocións, outras vidas, sentimentos parecidos ou encontrados...
- Polo sentido utilitario: é unha fonte de coñecemento coa que, ademais, se pode obter unha ampliación de vocabulario, fixación de normas ortográficas, morfolóxicas e sintácticas, axuda a unha aprendizaxe autónoma e ten en conta a diversidade do alumnado...
- Polo seu valor no proceso madurativo: a lectura pon ao usuario fronte a un novo código que obriga ao noso cerebro a un desciframento e interpretación; a unha formación de imaxes; a poñerse no lugar do outro, coa empatía e formación de valores que iso pode conlevar; a obter unha conclusións que nos levan á indiferenza ou nos incitan a actuar e, en definitiva, a descubrir por que nos ten que gustar (ou non) ler un libro.

MARCO LEGAL

En cumprimento da Lei Orgánica 2/2006 de educación e da súa concreción para a comunidade autónoma de Galicia no Decreto 133/2007 do 5 de xullo (DOG 13/07/07) este Proxecto Lector de Centro tenta conseguir que o alumnado do CEIP de Frions, ao remate dos seus estudos adquira as competencias básicas especialmente en canto:

- ❖ **Competencia lingüística:** a lingua, traballada tanto no aspecto oral coma escrito, é a ferramenta de comprensión e representación da realidade.
- ❖ **Tratamento da información e competencia dixital:** desenvolvendo a formación documental en distintos formatos.
- ❖ **Competencia social e cidadá:** potenciarase formando un alumnado con espírito crítico para localizar e eleixir unha información, establecendo relacións de empatía mediante o coñecemento doutras realidades.
- ❖ **Competencia cultural e artística** terase en conta que a actividade lectora en distintos formatos irá paralela a outras actividades de expresión que desenvolvan a iniciativa, imaxinación e a creatividade.
- ❖ **Competencia de autonomía e iniciativa persoal:** o alumnado formará os seus propios gustos e valores a partires dos textos diversos en canto a temática, formatos, idioma...
- ❖ **Competencia matemática:** mediante a interpretación de símbolos e o desenvolvemento das secuencias temporais, tanto a nivel de análise da estrutura do texto coma dos conectores na linguaxe escrita.
- ❖ Se desenvemos as competencias anteriores, estarase tamén traballando a **competencia para aprender a aprender**, xa que formaremos usuarios que autonomamente saiban utilizar os recursos que a lectura lles poida proporcionar.

REALIDADE E NECESIDADE

Desde o ano 2005 estase a realizar un traballo sistemático na biblioteca escolar; deste xeito, creouse un equipo de apoio á biblioteca, realizáronse grupos de traballo entre o profesorado, e participouse en numerosos plans de formación relacionados coa competencia lectora e escrita. Asemade, no ano 2007 o noso centro foi acollido no PLAMBE_3 de bibliotecas escolares. Desde entón desenvolvéronse proxectos de dinamización lectora. Nembargantes obsérvanse algunhas **deficiencias que é necesario atallar:**

- O noso alumnado amosa, en xeral, un aceptable nivel de comprensión lectora, pero os resultados non son os mesmos na produción escrita.
- A educación documental podería mellorarse.
- Hai que potenciar a integración da TIC nas estratexias lectoras.
- Non hai relación coa biblioteca pública do Concello, pero tampouco coas dos institutos onde o noso alumnado continúa os seus estudos
- Necesítase a implicación de todo o profesorado na asunción dos principios que un proxecto lector supón. O profesorado é moi cambiante, polo que este proxecto preséntase como o documento co que se asumirán estratexias e obxectivos para que o labor docente teña unha continuidade.

En canto ao **alumnado** que acode ao CEIP de Frions, obsérvase unha gran heteroxeneidade, tanto polas súas características madurativas coma pola súa procedencia cultural e xeográfica. Asemade, unha maioría procede de familias cun baixo, e, nalgúns casos, nulo nivel cultural. É por iso que o noso proxecto de lectura ha de estar baseado en atender ás necesidades educativas diversas que se nos presentan e en posibilitar o acceso a todo tipo de material lector en diferentes soportes e formatos. Neste senso, coidamos que o funcionamento e uso da biblioteca xoga un papel fundamental, posto que sitúa

en pé de igualdade a todos os sectores que conforman a nosa comunidade educativa para acceder á lectura, e respecta os seus intereses e características.

Para desenvolver o labor no eido da lectura contamos cunha serie de **aspectos materiais**: a biblioteca do centro onde se centralizan os fondos que se reciben; conexión wifi en todo o colexio; encerado dixital; elaboración da revista “Aquelar”; páxina web da biblioteca e unha sala de lectura para exposición e representación de textos.

Así pois os obxectivos, estratexias e actividades han de ter en conta todo o anterior.

OBXECTIVOS QUE SE SE PRETENDEN ACADAR

- Acadar unha competencia lectora que lle permita ao alumnado buscar unha información requerida en distintos formatos e entender aquilo que le, traballando a lectura comprensiva conxuntamente coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
- Fomentar a sensibilidade pola lectura, facilitando os medios para que toda a comunidade educativa faga un uso activo do material da biblioteca, organizando canles de organización e participación dos distintos sectores.
- Potenciar a actualización e tratamento dos fondos existentes en diferentes formatos, segundo criterios dos equipos docentes, ANPA, alumnado...
- Fomentar a execución de actividades relacionadas co desenvolvemento da produción escrita, potenciando criterios para un uso crítico da información e en todas as materias do currículum.
- Propiciar o uso de medios informáticos coma forma de romper con diferenzas sociais, facilitando o acceso por parte dos alumnos con necesidades educativas especiais.

- Motivar, implicar e dotar de medios axeitados ao profesorado como dinamizador da lectura.
- Establecer criterios para que o tratamento da lectura e a produción escrita se reflexen nas diferentes programacións.
- Programar tempos, tanto diarios a nivel de clase coma semanais na biblioteca, para adicarlle á lectura.
- Desenvolver anualmente un proxecto de biblioteca, tendo en conta as características do noso alumnado e a análise das súas necesidades, que será incorporado á Programación Xeral Anual.

ORGANIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN LECTOR

Cómpre un traballo sistemático:

➤ *A nivel de colexio:*

- Planificando nos distintos ciclos os aspectos que se poden traballar a partires das propostas do Equipo de biblioteca e do Claustro.
- Establecendo criterios unificadores para o desenvolvemento e avaliación da lecto-escritura, a comprensión lectora e a formación literaria.
- Consensuando criterios para a utilización da biblioteca escolar (reserva horaria, gardas, normas de uso...) e a “hora de ler”.
- Programando actos para a conmemoración de certas datas, e, ao mesmo tempo, divulgar o labor realizado a traveso da prensa, Internet, revista escolar, etc.

- Artellando mecanismos para unha maior relación con outros sectores, coa finalidade de implicar a toda comunidade escolar e especialmente ás familias.
- Realizando un seguimento e avaliación do desenvolvemento do plan lector.

➤ **A nivel de aula:**

- Establecendo a “hora de ler” cada tarde entre as 15,50 e as 16,10 horas, e reservando unha hora semanal para a utilización da biblioteca
- Desenvolvendo actividades a partires das materias do curriculum ou temas transversais, que impliquen unha busca de información e procurando que tanto as estratexias coma o material se caractericen pola súa variedade
- Programando actividades (obradoiros, exposicións, concursos...) a partires da lectura.
- Implicando ao alumnado na celebración de datas ou acontecementos puntuais.
- Participando no seguimento e avaliación do proxecto da biblioteca.

➤ **A nivel de familias:**

- Establecendo un horario para que poidan acceder á biblioteca en horario extraescolar.
- Participando no proxecto de “mochilas viaxeiras”, onde expoñerán as súas suxestións no caderno da mochila.
- Fomentando a súa participación en actividades puntuais coma contacontos, organizando exposicións, participando en charlas ou conferencias, etc.

- Implicándoas no proceso avaliador do plan lector.

➤ **A nivel de alumnado:**

- Colaborando e presentando propostas na organización e clasificación dos fondos bibliotecarios, forrado de libros, adquisición ou retirada de material.
- Potenciando que sexan os propios usuarios os que decoren a biblioteca contando coas directrices do responsable da biblioteca e do seu grupo de apoio.
- Establecendo a figura de axudante da biblioteca entre o alumnado voluntario, e sempre baixo a tutela da persoa responsable da biblioteca.

➤ **A nivel de equipo directivo e o Consello Escolar:**

- Organizando horarios en función da “hora de ler”
- Facilitando unha liberación horaria aos integrantes do equipo da biblioteca.
- Destinando unha partida económica á biblioteca escolar e, por extensión, ao potenciamento da lectura en todos os seus formatos.
- Establecendo canles de colaboración con outras institucións para a organización de actividades.

➤ **A nivel de equipo de novas tecnoloxías:**

- Coordinando ao profesorado para realización de actividades en liña.
- Actualizando e divulgando na páxina web do centro actividades relacionadas coa técnica lectora.

➤ **A nivel de equipo de biblioteca:**

- Xestionando os fondos (catalogación, informatización...)
- Adquirindo e/ou coordinando a compra de materiais.
- Facilitando os recursos necesarios para desenvolver as actividades que se propoñen ao longo do curso.
- Elaborando listas de materiais sobre un tema.
- Facendo exposicións temporais de fondos arredor do centro de interese que se estea tratando .
- Divulgando os fondos da biblioteca entre a comunidade escolar.
- Informando das normas de funcionamento.
- Promovendo a formación de usuarios.
- Fomentando a formación documental, coordinando, de maneira especial, os proxectos documentais integrados que se desenvolvan no centro.

TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES A DESENVOLVER

Hanse de entender como **flexibles**, adaptándoas aos proxectos e ao grao madurativo do alumnado. A súa **concreción** determinarase no **Plan de lectura anual**.

E. INFANTIL

ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Manipulación e manexo de contos	Sistemática	Fondos da biblioteca de aula e da escolar
Lectura de contos (en gran grupo)	Sistemática	Fondos da biblioteca de aula e persoais
Formular preguntas sobre o conto (comprensión oral)	Sistemática	Fondos da biblioteca de Aula
Inventar principios e finais diferentes para contos	Sistemática	Fondos da biblioteca de aula, da escolar e outras
Crear e inventar contos	Puntual	Fondos da biblioteca de aula e outras
Gravar contos en audio	Puntual	Fondos da biblioteca escolar
Dramatizar contos, historias, poemas....	Puntual	Fondos da biblioteca de aula e outras
Realizar actividades plásticas a partir do texto	Sistemática	Fondos da biblioteca de aula e da escolar
Elaboración de unidades temáticas a partir de contos	Puntual	Fondos da biblioteca de aula, da escolar e outras, internet
Participación nos conta-contos	Puntual	Fondos da biblioteca, editoriais...
Lectura de imaxes (colectiva e individual)	Sistemática	Fondos da biblioteca.
Lectura en distintos soportes: libros, fotos, música, pintura..	Puntual	Fondos da biblioteca de aula, da escolar e outras, internet
Lectura de pequenas frases en distintos tipos de letra	Sistemática	Fondos da biblioteca de aula
Traballar con noticias dadas polos medios de comunicación referentes a temas traballados	Puntual	Fondos da biblioteca escolar Xornais e revistas internet
Facer pareados, poesías..., co vocabulario dos contos	Puntual	Fondos da biblioteca de aula
Préstamo semanal de libros	Sistemática	Fondos da biblioteca

**1º CICLO EDUCACIÓN
PRIMARIA**

ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Visitas guiadas á biblioteca escolar para ler os carteis, coñecer as seccións, diferenciar os fondos das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un, analizar os datos de cada etiqueta...	Puntual	Fondos da biblioteca escolar
Lectura silenciosa e individual de textos de ficción e informativos.	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, doutras bibliotecas, fondos persoais e materiais temáticos de exposicións, mochilas viaxeiras...
Narración dun conto ou poemas polo profesor e polo neno.	Sistemática	Contos diversos
Realización e exposicións de debuxos ou traballos plásticos relacionados coas lecturas	Puntual	Obxectos variados
Elaboración de contos	Puntual	Obxectos puntuais
Dramatización das lecturas	Puntual	Materiais bibliográficos e material funxible
Participación nos xogos da biblioteca	Puntual	Materiais bibliográficos e material funxible

**2º CICLO E.
PRIMARIA**

ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Visitas guiadas á biblioteca escolar ou a outras próximas para ler os carteis, coñecer as seccións, diferenciar os libros das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un, analizar os datos de cada etiqueta	Puntual	Fondos da biblioteca escolar.
Identificar as partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha: portada, contraportada, solapas, índice...	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar.
Lectura silenciosa e individual de libros de fición e informativos.	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, doutras bibliotecas, fondos persoais e materiais temáticos de exposicións maletas viaxeiras....
Recomendación dos libros que máis gustaron	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Realización de resumos, organizando secuencialmente as ideas principais	Puntual	Fondos da biblioteca e outros
Elaborar murais e exposición de debuxos ou traballos plásticos relacionados coas lecturas.	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Encontros con autores.	Puntual	Fondos da biblioteca e outros
Elaboración de contos	Puntual	Fondos da biblioteca e aula

Dramatización de lecturas	Puntual	Materiais bibliográficos e material funxible.
Buscar información en libros informativos (enciclopedias, dicionarios, monográficos...) revistas. Periódicos, internet...	Puntual	Fondos da biblioteca escolar, internet, prensa, outros
Participación nos xogos da biblioteca	Puntual	Materiais bibliográficos e material funxible
Realización de pequenas investigacións.	Puntual	Dicionarios, enciclopedias, Internet, obras de referencia, prensa...

3º CICLO EP

ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Visitas guiadas á biblioteca escolar ou outras próximas para ler os carteis, coñecer as seccións, diferenciar os libros das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un, analizar os datos de cada etiqueta...	Puntual	Fondos da biblioteca escolar
Identificar as partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha : portada, contraportada, solapas, índice...	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar.
Buscar fondos que ofrezan información sobre un tema.	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Presentar un libro cada semana na clase por parte do profesorado.	Semanal	Fondos da biblioteca escolar.

Lectura silenciosa e individual de libros de fición e informativos.	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, doutras bibliotecas, fondos persoais e materiais temáticos de exposicións, maletas viaxeiras...
Lectura compartida/en grupo	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar e persoais.
Recomendación dos libros que máis gustaron.	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Identificación da estrutura do texto: recoñecer a finalidade, facer un resumo organizando secuencialmente as ideas principais.	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Libro-Forum.	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Facer pequenos traballos sobre obras literarias (datos técnicos, historia, personaxes, opinión persoal...)	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Elaborar murais.	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Encontros con autores, contacontos, ilustradores...	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Buscar información en libros informativos (enciclopedias, dicionarios, monográficos...), revistas, periódicos, Internet...	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, outros, internet...
Elaborar un caderno coas lecturas máis significativas que se fan ao longo do ciclo.	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, persoais e outros

TIPOLOXÍA DOS TEXTOS A TRABALLAR

En educación infantil o alumno iniciárase na lectura utilizando pictogramas, imaxes, palabras..., para nos diferentes cursos da primaria afianzarse nos textos escritos continuos e discontinuos, en soporte papel ou dixital. En calquera caso, para que o proxecto de lectura funcione, cómpre contar cun amplo abano de textos en prosa, en verso ou en teatro:

- *Narrativos*: aspiran a explicar uns sucesos nuha determinada orde, tales coma os contos, lendas, novelas...
- *Descritivos*: tentan describir un obxecto ou fenómeno mediante comparacións e outras técnicas, coma os dicionarios, folletos, guías turísticas, libros de texto...
- *Expositivos*: explican determinados conceptos ou ben informan sobre estes, coma por exemplo os libros de texto e os manuais.
- *Instrutivo-indutivos*: pretenden inducir á acción do lector coma consignas, instrucións, receitas...
- *Lecturas para escoitar* (en voz alta polo profesorado, contacontos, DVDs...)

Hai que **traballalos todos cando se trata de aprender a ler e de ler para aprender, pero tamén a nivel escrito. É por iso que nas diferentes áreas hase de prever a realización de textos :**

De carácter persoal	<i>Diarios, axendas, notas, enderezos, listases, citas, anotacións en blogs ou outros soportes dixitais...</i>
Familiar ou afectivo	<i>Cartas, correo electrónico, postais, felicitacións, dedicatorias, instrucións para outros, agradecementos, mensaxes SMS...</i>
Social	<i>Cartas solicitando información, cartas de reclamación, cartas de solicitude, formularios, estadullos, impresos, fichas...</i>
Creativo	<i>Poemas, rimas, ditos, refráns, cancións, relatos, descricións, contos, lendas, obras de teatro, guión, cómic, receita, biografía...</i>
Académico	<i>Notas despois dunha lectura, notas despois dunha información, fichas, resumos, informes sobre unha situación ou experiencia, traballos, esquemas, apuntes...</i>
Público	<i>Avisos, anuncios, carteis, murais, noticias, entrevistas, pés de foto, anotacións en bitácoras ou outros soportes dixitais...</i>
Profesional	<i>Instancia, currículum vitae, autoavaliacións, memoria...</i>

Para todo o anterior é necesario ensinar estratexias de lectura que axuden a comprender diferentes tipos de texto.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

a) Antes da lectura:

- Propoñer hipóteses de lectura, deducións antes de pasar aos textos (análise das ilustracións, deseño editorial...)
- Establecer predicións sobre o texto e fomentar preguntas sobre el, relacionando co que xa coñecen.
- Lectura expresiva polo profesor.

b) Durante a lectura:

- Lectura individual e silenciosa previa a calquera actividade de lectura expresiva.
- Tratamento do vocabulario.
- Análise dos textos (personaxes, marco, estrutura...).
- Producción escrita de textos para completar, engadir finais, reescritura segundo diversos criterios...

c) Despois da lectura:

- Busca da idea principal, elaboración de resúmenes, formulación e resposta de preguntas (preguntas de resposta literal; preguntas para deducir; preguntas de elaboración persoal...)
- Producción de textos escritos en distintos formatos e respectando a tipoloxía de cada xénero. Potenciar a divulgación destes textos (murais, foros, revista escolar...)
- Actividades que desenvolvan a creatividade e o pensamento diverxente, que formen lectores críticos e que desenvolvan a afectividade.
- Acostumar ao alumnado a reler os seus textos e potenciar o uso do dicionario.

Aspectos a ter en conta polo profesorado:

- Falar dos libros: motivar conversas sobre os libros lidos, fomentar as recomendacións entre os lectores...
- Programar variedade de actividades de distintos xéneros literarios e en distintos formatos.
- Realizar sistematicamente lecturas expresivas.
- Procurar que o alumno non silabee durante o proceso de lectura, e programar sistematicamente actividades de comprensión lectora.
- Facer que todas as lecturas a nivel de aula sexan en voz alta, coidando a entoación lectora segundo a tipoloxía de texto e procurando que participe todo o alumnado (lecturas por puntos, por parágrafos, a nivel de pequenos grupos...)
- Ler en voz alta o comezo dun libro ou dun capítulo, poema, fragmento motivador...
- Intentar que o alumno supere o sentido do ridículo e prestar unha atención especial aos tímidos, facilitando que pregunten e animándoos á participación.
- Programar actividades escritas que faciliten o pensamento diverxente e que teñan unha finalidade (escribir a alguén, editar na páxina do centro, realización de libros colectivos, murais...), e promover actividades lúdicas de expresión escrita sobre os textos lidos.
- Presentar páxinas web, revistas ou páxinas especializadas dos xornais onde poden atopar información sobre literatura infantil e xuvenil.
- Integrar os intereses máis próximos do alumnado (deporte, actualidade, música, informática...) nas actividades de lectura e busca de información.

- Xogar con elementos motivadores como o misterio, o descoñecido, o inaccesible...Por exemplo, a técnica de “prohibir” temporalmente a lectura dalgún título.
- Propoñer e organizar proxectos documentais integrados ou temáticos, de carácter interdisciplinar, nos que se conxuga o fomento da lectura de todo tipo de textos coa busca documental e a elaboración de traballos e produción de materiais informativos ou literarios.
- Cando se empreguen recursos audiovisuais, elaborar actividades didácticas e guións para facilitar a interpretación dos códigos verbais e non verbais.
- Crear un clima de silencio e atención.

Aspectos a ter en conta co alumnado que amosa dificultades na comprensión lectora:

Hai que partir sempre do nivel no que o alumno se atope e, en función diso, seleccionar as lecturas, en distintos formatos e procurando unha variedade na súa tipoloxía. Despois cómpre:

- Esmiuzar os textos ata conseguir a súa comprensión.
- Non conformarse con que repitan ou memoricen os textos.
- Comprobar sistematicamente se realmente o comprenden.
- Analizar o vocabulario.
- Cambiar os hábitos de clase de xeito que se fomente o hábito de preguntar e consultar o que non entenden. Para isto débese estimular aos alumnos para que pregunten, evitar comentarios negativos, impedir que se sintan cohibidos ou ridículos, etc.
- Facer que o alumnado deduza o significado dunha palabra polo seu contexto ou ben acostumaros a empregar o dicionario.

É moi importante fomentar no alumnado unha cultura da lectura e inculcarlle a idea de que, aínda que ler require un esforzo, é gratificante.

Así mesmo convén practicar a lectura en voz alta, pois esta axuda á comprensión e nos permite comprobar moitas veces se o alumno comprende ou non o que le. Ademáis, a lectura en voz alta mellora a dicción, a capacidade de expresarse en público con soltura, axuda ao alumno a vencer a timidez e o medo ao ridículo e, por último, prepara ao alumno para o seu futuro laboral

Aspectos a ter en conta para o traballo cos libros de texto:

- Na elección dos libros de texto, os equipos de ciclo terán en conta a súa adecuación aos obxectivos de área, á metodoloxía empregada e en qué medida favorece a comprensión lectora.
- Prepararanse as clases tras analizar a estrutura da unidade e tentando transmitir aos alumnos as técnicas de estudo adecuadas para adquirir os coñecementos propostos.
- Utilizaranse cada un dos tres tipos de lectura (previa, lenta e de síntese) sistematicamente e propóranse actividades tipo tales coma: activar as ideas previas; ler detidamente os textos e formular preguntas dirixidas cara a comprensión do texto; analizar o vocabulario; relacionar o texto lido con outras experiencias; facer resumos, esquemas ou mapas conceptuais; extraer a idea principal; propor outros títulos; facer debuxos que resuman o texto.
- A lectura comprensiva é un proceso no que caben diversos procedementos como a exposición oral, as redaccións, a lectura en voz alta...

- Hai que recordar que a biblioteca é un centro de recursos que apoia a aprendizaxe de todas as áreas e a igualdade educativa de todos os estudantes.

Aspectos a ter en conta para o traballo co vocabulario específico de cada área:

Axudarase aos alumnos a coñecer e empregar a terminoloxía propia, segundo o ámbito do saber, para que o manexen dun xeito progresivo e preciso e incorporalos á linguaxe oral e escrita. Para iso:

- Definiranse, de forma oral, termos que se traballaron e comprenderon.
- Sistematizaranse actividades tales como: inferir o significado polo contexto; utilizar o dicionario; buscar sinónimos e antónimos; subliñar as palabras que non se entenden; estudar prefixos, sufixos, familias de palabras, campos semánticos, etc.
- Elaborarase unha lista de termos fundamentais de cada materia co fin de observar a evolución da capacidade lectora e de comprensión conceptual do alumnado.
- Debe procurarse que os alumnos coñezan a orixe etimolóxica e a evolución histórica dos termos para ampliar o seu horizonte cultural e facilitar a interrelación entre os coñecementos das distintas áreas

Aspectos a ter en conta para mellorar a comprensión lectora específica de cada área ou materia.

Nas programacións didácticas deberán constar as actividades deseñadas especificamente para traballar a comprensión lectora.

Aspectos a ter en conta para fomentar a lectura, educación documental e ALFIN organizadas pola Biblioteca Escolar.

A biblioteca escolar levará a cabo unha serie de actividades de fomento da lectura nas que participará toda a comunidade educativa. Aparecerán descritas especificamente no Proxecto de Biblioteca que se realizará para cada curso.

Aspectos a ter en conta para a revista escolar e páxina web.

Publicación das produción escritas e información de actividades.

Aspectos a ter en conta para a educación documental.

- Hai que traballar o desenvolvemento do razoamento verbal (distinción entre feito e opinión, lectura de gráficos, esquemas e mapas conceptuais)
- A orde alfabética
- Criterios de ordenación e clasificación.
- Comprensión e uso de catálogos.
- Índices e sumarios; menús despregables (en programas informáticos, páxinas web...)
- Selección, organización e representación das ideas principais.
- Elaboración de resúmenes, esquemas e mapas conceptuais.
- Adquisición e uso dunha terminoloxía básica informativo-documental.
- Traballo con planos, mapas, gráficos, esquemas, abreviaturas, siglas, lendas (dos mapas e planos), outros símbolos.
- O hipertexto.
- Utilización de servizos telemáticos de información.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación do Plan realizarase en función de:

A) O propio plan.

Valorarase o cumprimento dos obxectivos e a receptividade da comunidade educativa ás actividades desenvolvidas en cada ciclo. Verase se foron efectivas e, en función dos resultados, elaborarase o Plan anual de lectura do próximo curso. Tamén se fará unha valoración do funcionamento do tempo de lectura diario e da hora semanal do uso da biblioteca xeral.

B) Os recursos humanos, temporais e materiais.

C) Os logros do alumnado, no que se avaliará:

- O uso de textos escritos (en distinto soporte): hábitos de lectura e de uso de recursos dixitais, así como a capacidade de manexar fontes escritas diversas.

-O proceso lector: ha de ser realizada por todo o profesorado dentro da propia área e permitirá detectar as dificultades do alumnado e intervir no proceso, axustando as axudas ás necesidades detectadas e Implicar ao alumnado no propio proceso, dándolle a coñecer os aspectos nos que precisa axuda, aqueles nos que progresa e as dificultades que ha de superar e como ha de superalas. Terase en conta:

- Percepción do texto (decodificación, velocidade lectora...)
- Grao de comprensión do texto (capacidade para facer predicións, inferencias, resumir, atopar idea principal...)
- Habilidade para controlar o propio proceso de comprensión.
- Actitude cara o proceso lector e implicación nas actividades.

Para realizar a avaliación utilizaranse unha serie de instrumentos tales como:

- Observación e rexistro de datos (profesorado e alumnado: autoavaliación). Diarios de lectura.
- Cuestionarios e entrevistas: útiles para avaliar aspectos xerais, hábitos, actitudes; para valorar coñecementos previos, para valorar o nivel de comprensión despois da lectura...
- Análise do traballo na aula en base a unha actividade concreta.
- Probas específicas: resumes, explicacións orais, cuestionarios, probas estándar de eficacia lectora...
- Blogs e páxina web do centro: comentarios aos libros e ás actividades de dinamización lectora.

UNHA CUESTIÓN DE EQUIPO

A ensinanza é unha cuestión de equipo e, ao mesmo tempo, a necesaria adaptación e contextualización que existe a diversidade de situacións educativas, so poden realizalas o profesorado de cada centro coas condicións e axudas requeridas.

Un docente pode planificar para a súa clase, pero o esforzo será menor se se integra nunha dinámica na que pode discutir os proxectos, e compartir as súas ideas e dúbidas.

A incidencia sobre o alumnado sempre será máis positiva cando a actuación responde a un conxunto de decisións acordadas polo profesorado que encontrará na súa vida escolar: decidir como se aproximará ao código, que textos vai ler, que situacións de lectura se fomentarán, cal é o papel da biblioteca, como vai avaliarse a lectura, como se desenvolverá a linguaxe escrita..., existen tomas de postura que trascenden ás dunha materia ou profesor particular.

*Hai moitas portas para ir á fantasía. E hai aínda
máis libros máxicos. Moitos non se dan conta..
Todo depende de quen colle un deses libros.*

ENDE, M. : A historia interminable.